

TERCEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE PIANO

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Invencións a dúas ou tres voces, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatas de Haydn.
- Sonatas, Variacións, Fantasía KV 397 de Mozart.
- Sonatas e Variacións de Beethoven
- Sonatas de Clementi.

Obras románticas:

- Mazurcas, Preludios, Nocturnos, Valses de Chopin.
- Momentos Musicais de Schubert.
- Romanzas sin palabras de Mendelssohn.

Obras modernas:

- Arabesca 1 de Debussy.
- Preludios de Debussy.
- Preludios Op.34 de Shostakovich.
- Danzas españolas de Granados.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións de todos os cursos de Linguaxe Musical.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico – melódico:** a dúas voces, e ata cinco alteracións, dunha extensión entre 8 e 16 compases. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e finalmente a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** con emprego das sete claves.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol con acompañamento pianístico, que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Comprenderá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima dunha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e melódica, os examinandos disporán de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE CONXUNTO

- a) Realización dun exercicio con cuestións de intervállica e armaduras das tonalidades.
- b) Tocar no piano acordes tríada e de Sétima de Dominante co obxecto de demostrar que se coñece a súa constitución.
- c) Realización ao piano a catro partes dun baixo cifrado usando os enlaces de voces tradicionais. Incluirá triadas maiores e menores en estado fundamental.
- d) Interpretación ao piano do acompañamento dunha melodía escrito con cifrado Americano. Incluirá triadas maiores e menores.
- e) Análise, lectura e transporte dunha peza pianística acompañante ou non.

3.- PROBA DE CORO

1.- Interpretar a só a parte correspondente de dúas obras do listado que se indica a continuación. Esta listaxe é orientativa e poderá presentarse un repertorio de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

O alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

COMPOSITOR/A

Br. Leontinus
W.A.Mozart

M. Praetorius
H. Beverle
Estevan Salas
J. Peri
G. Faurè
F. Mendelssohn
Charles Gounod

OBRA E OBSERVACIÓNS

Laudate dominun. . CANON
Alleluia, exultate jubilate. CANON
Surrexit. Christus hodie. CANON
Jubilate Deo. . CANON
Kyrie Eleison. . CANON
Un musiquito nuevo
Nel Puro ardor (Euridice)
Benedictus, ca. 1880
Auf Flügeln des Gesanges (Arr. a 4 v. mixtas).
Messe brève in C
(Kyrie, Gloria, Santus, Agnus Dei)

M. Penella
F. Chueca y J. Valverde
F. Chueca y J. Valverde
F. Moreno Torroba
S. Golpe
C. Gustavino
E. Morricone

Habanera (Don Gil de Alcalá).
Xota dos ratas (A Gran Vía)
Chotis do Eliseo (A Gran Vía)
Mazurca das sombrillas (Luisa Fernanda).
Meus Amores (Arr. a 4v. mixtas)
Quen fora como o xazmín
Ave María Guaraní (A Misión)